

Estampas gondomareñas IV

ANTONIO DE BADE

ESTAMPA CON PERSONAXE

Quen teña o atrevemento de afirmar que todo tempo pasado foi peor, está renegando das súas vivencias e desertando da súa patria, que é a infancia. Ben é certo que o caso contrario conleva o risco de declinar os tempos pretéritos contaminados polas lembranzas, que non é máis que un recurso da memoria para salvarnos do abismo. Por iso a min sempre me gustou falar de tempos e ritmos, de tons e melodías, de diferenzas cromáticas, de cores... que dan máis xogo e fanlle máis xustiza á realidade das cousas.

Isto vén a conto dun Gondomar que se foi, cando o máis que se enxergaba no horizonte era unha foto fixa, case inmutábel, feita á medida da xente e coa presenza sobranceira de dúas intencións coma dúas ameazas: o decorado e as personaxes. Ámbalas dúas inseparábeis coma nunha película de Fellini, ou coma nun cadro impresionista que cómpre mirar a distancia para non perderse no detalle, e é aí, xusto nese punto, onde ese pano de fondo cobra o protagonismo que seguramente o autor pretendeu negarlle. Por iso a este cronista sempre lle resultou difícil distinguir cal deses dous complementos é o principal, e velaí a razón pola que prefiro pensar que un non sería posíbel sen o outro.

Ata onde chega a miña memoria e a vida me levou, podo dicir que tiven a sorte de transitar, case sempre como espectador, por esa galería de personaxes que parecían sacados dunha novela de Víctor Hugo ou dun relato de Castelao, os que tamén Gondomar foi quen de fabricar, preferindo para eles a caridade e o esquecemento á solidariedade e o cariño. E malia a intención dos que se crían donos e protagonistas do decorado, de borralos para sempre, aí seguen, compartíndoo, co seu sorriso burlón coma se da conciencia se tratase.

Cada aldea, cada parroquia, cada vila... tiña os seus. Non faltaban nunca e sempre había un disposto a substituír a outro, coma nunha rolda interminable sen redención posíbel. Habíaos para todos os gustos e ocasións: tolos e lúcidos, simpáticos ou grotescos, dramáticos, inxenuos, soñadores, románticos, pícaros..., mais todos prescindíbeis á hora de recoñecelos coma propios, non fora a ser que un exceso de protagonismo os igualase coa mesma rapadoira ao resto dos habitantes da tribo, chamados a si mesmos normais. Unha forma de desprezo tan vella como a propia

humanidade, e que hoxe a asepsia estúpida dunha sociedade que se di globalizada tenos condenados ao ostracismo e a existir, só, na memoria duns poucos. Por iso cómpre actuar con urxencia para reparar esa inxustiza, rescatándoos do esquecemento e devolvéndolles a dignidade, aínda que sexa a través dun relato tan breve e de tan humilde fasquía coma este.

GALERÍA DE ESQUECIDOS.

ERUNDINA “A FACORELLA”

Nunca souben de onde lle viña semellante alcume a aquela muller. Nin o vello e gastado dicionario católico da escola, nin os homes da aldea mo quixeron explicar nunca. Co tempo puider descubrir por min mesmo aquel enigma e tamén os porqués daquel silencio cómplice que o envolvía. Con toda seguridade era unha vinganza. O “palabro” en cuestión era un invento, un desvarío onomatopeico de claro significado sexual que alguén empezou usando movido polo resentimento de quen foi rexeitado e nunca tivo a fortuna de compartir a mornura da pel e os aloumiños de Erundina.

Erundina a Facorella, que ao principio tirábanlle pola asturiana, viñera vivir á nosa aldea coa súa avoa cando tiña pouco máis de quince anos, despois de que seu pai morrera nun accidente de traballo en Asturias. A súa nai, que decidira quedar alí traballando na cantina do poboado mineiro, pensou que mandala para Gondomar era o mellor que podía facer pola súa filla, pois o ambiente daquel lugar seica non era o máis recomendábel para unha moza que na complicada idade dos quince anos, e cunhas maneiras tan marcadas de Lolita, xa conseguía esperar as paixóns máis durmidas duns homes dispostos a calquera cousa por un bocado tan apetecíbel.

E así foi como aquela lotaría chamada Erundina caeu nosa na aldea un mes de agosto do trinta e tantos, ignorantes das consecuencias que semellante acontecemento lles traería ás catro almas que habitabamos aquel microcosmos tan pechado e cheo de prexuízos. Como queira que viña precedida pola desgraza do seu pai, o recibimento na aldea foi unha mestura de curiosidade e de loito, máis da primeira que do segundo, sobre todo porque ela tampouco parecía moi afectada por uns feitos aínda recentes. Nin sequera vestía loito para escándalo dos paisanos que murmuraban ás súas costas e criticaban as maneiras desvergoñadas e liberais daquela rapaza, que segundo dicían as vellas era o que se levaba no País das Minas; dicían como se aló estivese o inferno, mais non falaban do traballo no ventre da terra, non...

Dina, como a chamabamos ao principio, foi medrando, e con vinte anos era xa unha muller total, rotunda nas formas e libre na expresión. Era así de seu, e nada tiña que ver cos comportamentos retraídos e avellentados das demais mulleres da aldea. Nin a misa dos domingos, nin o ánxelus do mediodía, ou os rezos antes do xantar foran quen de facer bo dela, como se laiaba a súa avoa. O mamado na mina aboiaba sempre que podía, malia a teima dos escasos ben pensantes por levala ao rego. Afortunadamente para nós, e coído sinceramente que tamén para ela, non o conseguiron, pois o seu destino era outro.

Aquela “femme fatal” de aldea a ninguén deixaba indiferente, era envexada polas mulleres e desexada polos homes a partes iguais. Para uns era cuspidiña á muller que aparecía nos debuxos do xabón “La Bella Aurora”, e para outras era o mesmísimo demo con forma feminina. Eu coído que inconscientemente todos nos alegrabamos de que por fin a tentación con maiúsculas entrara no noso mundo. Unha mirada súa, un sorriso, ou un comentario interpretados á nosa comenencia eran suficientes para anegar de paxaros aquelas cabeciñas cheas de nada e resucitar uns corpos que estabamos convencidos que só servían para suxeitar o mango do legón.

Non tardaría moito a Erundina en decatarse dos seus poderes e en sacarlle proveito para alegría de uns e decepción de outros. Foi así como novos e vellos acabaron sendo uns monicreques nas mans daquela muller que se aproveitou sen paixón de todos nós, e coma ela mesma dicía, ríndose, aos homes cando se lles endurece a bragueta abrándanselles os miolos. O de menos eran os seus caprichos e desprezos, ou as disparatadas encomendas que ás veces nos impuña. Era imposible dicirlle que non a quen nos tiña enfeitizados e que tan ben sabía espremer aos homes. Por convidala ao baile de Mañufe un domingo deixábase apertar un migallo máis do normal, permitindo que as turxescencias do momento se recoñecesen; por cargar co millo até o muíño e despois coa fariña, dábase conversa durante a muiñada, e con máis sorte que maña podías traspasar as portas da súa saia... E se eras o elixido para apañáreslle a herba ou irlle pola leña ao monte, o premio podía ser que che abrise as portas do mesmo ceo. Como lle pasou a Pepe do Coxo, que durante meses amosou orgulloso, como se fosen feridas de guerra, as rabuñaduras nas costas producidas nun marabilloso lance enriba do chedeiro do carro.

Aqueles traballados encontros con Erundina eran o soño máis perseguido de todo canto home se gababa de selo. Só Venancio do Lago, de quen se di que foi o seu único amor, tiña o privilexio de gabear todas as noites polo vidigón que había ao pé da ventá do cuarto de Erundina e meterse na súa cama. Fose ou non verdade esta historia de amor, o certo é que a miúdo ela fachendeaba de que o seu Venancio era o único home no mundo que de verdade a enchía en todos os sentidos da palabra. Ai, aqueles encontros !!que a zona máis animal da nosa memoria non quere esquecer, e aquel arrecendo a muller!! que permanecía indeleble días e días retido nos sentidos, e que nin o baño dos sábados, nin os mergullos no río eran quen de borrar da nosa pel...

A última vez que Erundina veu pola aldea, despois de moitos anos fóra, foi cando o pasamento da súa avoa. Aquel día tivo algo de entrada triunfal, ou de vinganza segundo se mire. Alí apareceu Erundina espléndida coma sempre e guiando ela mesma un espectacular “aiga” que non cabía polo camiño, e do ganchete dun garboso galán que aparentaba ser máis novo ca ela e que lle falaba agarimosamente nun sonoro americano, seica de México, onde agora a admirada Erundina era propietaria de non se sabe cantas casas de baños e tiña cartos coma arroz.

